

Na década dos 80 escribiu letras de cancións para a banda Desertores.

En 1991, decidiu retomar os estudos e comezou Filoloxía Hispánica en Vigo e, máis tarde, Galego-Portuguesa. Ao mesmo tempo, continuou co labor de tradutora, correctora de estilo e editora. Asistiu a recitais poéticos, congresos e presentacións.

En 1992, casou co fotógrafo Xulio Gil. Tiveron un único fillo, Darío, que naceu en 1994. Dedicalle o seu terceiro poemario, que trata a experiencia da maternidade.

5

Foi profesora de secundaria. Nos últimos anos da súa vida, deu clases de Lingua e literatura castelá en nove institutos galegos. Comezou en 1999 en Santa Comba e rematou en 2003 en Cangas.

Tivo unha actividade moi intensa. Dedicoulle un poema a Rosalía de Castro no libro colectivo titulado *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras galegas*.

Manifestouse a favor da paz, foi feminista e ecoloxista.

6

En 1980, comezou a traballar en Edicións Xerais desenvolvendo tarefas administrativas. Grazas a que tiña un bo dominio da lingua galega, oral e escrita, pronto pasou ao departamento editorial. Xela era rigorosa e procuraba a palabra exacta. Foi pioneira na tradución ao galego de obras clásicas doutras linguas: castelán, portugués, francés, italiano, inglés, irlandés.

Defendeu o uso da nosa lingua e contribuíu a crear un patrimonio cultural e a fixar a norma.

4

Finou o 1 de novembro de 2003, con só 41 anos, e está soterrada no cemiterio de Pereiró, en Vigo.

No ano seguinte á súa defunción fixéronlle moitas homenaxes. En 2004, tamén se publicou o libro *Xela Arias, quedas en nós*, editado polo seu pai.

Xela Arias sempre asumiu un claro compromiso coa nosa lingua e coa nosa cultura.

En 2021 dedícaselle o Día das Letras Galegas. É a quinta muller en recibir esta homenaxe.

7

En 1969, a familia trasladase a Vigo porque o seu pai vai destinado ao Colexio Público de Sárdoma-Moledo. Xela continúa estudando o resto dos cursos de Educación Primaria neste centro ata 1976.

En 1973, gana o Primeiro Premio do VI Concurso de Contos da Asociación O Facho co relato "A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia".

En 1976, por vontade propia, cursou o bacharelato nun instituto mixto do barrio vigués do Calvario, o IES Castela.

3

OBRA POÉTICA:
Denuncia do equilibrio (1986)
Tigres coma cabalos (1990)
Darío a diario (1996)
Intempériome (2003)

Publicou en revistas e xornais como, por exemplo, *Dorna*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Katarsis*, *Tintimán*, *Faro de Vigo* ou *A nosa Terra*.

Tamén escribiu relatos, por exemplo, "Que si que si" publicado na obra colectiva *Contos eróticos. Elas*.

8

Xela Arias naceu en Sarria o 4 de marzo de 1962 nunha familia galeguista e culta. O seu pai era mestre na Granxa de Barreiros e Xela medrou nun fogar cheo de libros. Era a filla maior de Valentín Arias e Amparo Castaño. Tiña catro irmáns: Xodán Carlos, Marcos, Sabela e Lois.

En 1965, foron vivir a Lugo, onde o seu pai fa traballar de mestre na Granxa Arxentz. En 1966, Xela ingresou no colexio Fingoi desta cidade. Alí, en contacto coa natureza, estudou a Educación Infantil e o primeiro curso de Educación Primaria.

2

Letras Galegas 2021

XELA ARIAS

